



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE AGOSTO DE 2010

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
----------------------------------	-------------------------------

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE (que se ausentou no punto de Rogos e Preguntas)

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO

Concelleira

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO

Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS (que se ausentou no punto de Rogos e Preguntas)

Concelleiro non adscrito

D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ

Concelleiro non adscrito

NON ASISTIRON

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro do PSdeG – PSOE

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro do PP

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de agosto de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE XULLO DE 2010.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 02.08.10 E DITAMINADO POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS EDUCATIVOS VINCULADOS AO PXOM DA ESTRADA
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á MOCIÓN PRESENTADA SOBRE OS CENTOS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM).
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á MOCIÓN SOBRE ACTUACIÓNS DE MELLORA NO CENTRO DE SAÚDE DA ESTRADA E A ADSCRICIÓN Á FUTURA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

5º.-	DACIÓNS DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE XUÑO DE 2010.
-------------	--

6º.-	ROGOS E PREGUNTAS
------	-------------------

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE XULLO DE 2010. Examinada a acta correspondente ao 01.07.10 a Sra. Maïssa Rodrigo, fai constar un erro na última intervención do punto de Rogos e Preguntas, que corresponde ao Sr. Alcalde e non á Sra. Maïssa Rodrigo.

Aceptada por unanimidade esta modificación, e non producíndose máis intervencións e conformes todos os concelleiros e concelleiras co seu contido, apróbase a acta da sesión do 1 de xullo de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 02.08.10 E DITAMINADO POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS EDUCATIVOS VINCULADOS AO PXOM DA ESTRADA A secretaria dá lectura fai constar que consta no expediente do Pleno, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 02.08.10, que fora ditaminado en data 30.07.10 pola Comisión Informativa de Benestar Social, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

3º.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS Sométese a votación a proposta presentada pola presidenta da Comisión de solicitude á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

Que se ditamine ao Pleno da Corporación a solicitude de subvención á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, consonte á Orde do 18.06.10 pola que se aproban as bases de convocatoria de subvencións a concellos para a realización de proxectos de educación para a sustentabilidade, vinculados ao PXOM, por un importe total de 10.000 €.

Non producíndose ningunha intervención, apróbase por unanimidade.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á MOCIÓN PRESENTADA SOBRE OS CENTOS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM). A secretaria fai constar que consta no expediente do Pleno, o ditame adoptado en data 30.07.10 pola Comisión Informativa de Benestar Social ao que dá lectura e que seguidamente se transcribe de xeito literal:

2º- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG/PSOE E O BNG SOBRE OS CENTROS DE INFORMACIÓN A MULLER (CIM):

Sometese a votación a Moción conxunta presentada polo PSG/PSOE e o BNG sobre os Centros de Información a Muller (CIM) sendo a mesma aprobada cos votos a favor dos representantes do PSdG-PSOE (3) e da representante do BNG (1), e os votos en contra dos representantes do PP (2) e o Concelleiro non adscrito D. José Manuel Reboledo Baños (0,5). O contido da proposta é o seguinte:

“Solicitar da Xunta de Galicia un marco estable de financiamento dos Centros de Información ás Mulleres, co concurso dos concellos e das traballadoras dos mesmos, que abranguerá o compromiso de garantir o seu funcionamento e a realización de actividades baixo os seguintes criterios:

Garantir o financiamento plurianual destes centros, e unha dotación non inferior á recibida en exercicios económicos anteriores

Os concellos coñecerán, no primeiro trimestre do ano, a cantidade que vai a aportar a Xunta de Galicia para o financiamento dos CIMs.

Abordar o futuro financiamento dos CIMs máis alá do horizonte do ano 2013, data na cal remata o actual Fondo Social Europeo que financia o 80% das axudas destinadas a esta finalidade”

Sra. Cristina Goldar, do PP: *Boas noites ou tardes, con respecto a este punto temos que facer unhas matizacións e non nos queda máis remedio que seguir co noso voto que xa anunciamos na comisión que é de abstención, xa que non dispoñiamos da documentación para poder estudala máis detidamente e agora xa se nos entregou unha valoración do desglose do custe que supuxo o funcionamento e está a supoñer o funcionamento deste servizo. En calquera caso, o que si nos parece curioso, e ao mellor creo que é interesante debatelo neste Pleno, é a diferente lectura que se tivo da resolución por parte do Grupo de Goberno que presentou esta moción e a realidade do contido da resolución pola que se convoca esta axuda e subvención. Por parte do Grupo de Goberno, díxosenos que o importe desta subvención era menor ca outros anos, que por iso se instaba á Xunta que só podería accederse a través de persoal funcionario para subvencionar este gasto de persoal. Estas cuestións dende logo non son as que responden á resolución; en primeiro termo, independentemente, e quero deixar outra vez constancia de que polo menos o Grupo Municipal do PP, tratándose dun tema de importancia como pode ser este e que si estamos de acordo co mantemento do servizo e do labor que se está a facer dende este servizo, deixando claro este primeiro punto, o que tampouco non se pode facer é que para solicitar este mantemento, facer panfletos políticos e alusións demagóxicas contra a política da Xunta, máxime cando non se corresponden coa realidade da Resolución pola que se convoca esta subvención. Por un lado, imos ver todos sabemos a situación actual de crise, salvo que agora a queiramos negar, entón instar a que haxa un financiamento plurianual e que nunca se poida facer un recorte no financiamento deste servizo é un pouco aventurado cando si que se estivo probando e á parte foi o grupo do PSOE no Estado o que fixo un recorte salarial precisamente de acordo coa situación de crise, evidentemente se hai que apretar o cinto, débese apertar o cinto en todas as áreas, entón, solicitar instar e esixir que o custo do funcionamento dos servizos sempre sexa o mesmo, terá que depender da Lei de orzamentos, da situación e ese é un primeiro punto onde entendemos que non debe facerse demagogia. Por outra banda, entendemos que no marco actual da Resolución si se pode seguir mantendo o servizo e a subvención ao persoal que se encarga actualmente deste servizo, de feito no art. 1 da Resolución do 22 de xuño de 2010, dise que os tipos de axuda e contía para o mantemento do CIM en función dos postos de traballo do seu cadro de persoal, poden ser ocupados por persoal funcionario ou laboral fixo con formación acreditada en xénero, sen querer entrar en máis disquisicións xurídicas, entendemos que o persoal que actualmente está a desempeñar estes labores, podería encadrarse perfectamente dentro da tipoloxía que se menciona na Orde, pero é que é máis á parte no punto b), concédese unha subvención de ata 14.000 € para persoal que non sexa nin funcionario nin laboral fixo, incluso para persoal eventual ou con contratacións mercantís, co cal as afirmacións feitas na Comisión carecen desa validez, e non se está falando que agora con esta subvención non se poida proceder ao mantemento do persoal do CIM antes ben todo o contrario, de feito na Orde anterior, do 2009 o tope máximo eran 40.000 € e agora son 45.000 € e remítome concretamente ao punto 1.2 que queda fixada a contía máxima en 45.000 €, e á parte nesa Orde anterior que din que é esta nova é máis restritiva, nin sequera se contemplaba a*

posibilidade de actividades formativas que agora si se contemplan expresamente, cunha subvención de 12.000 € en actividades formativas, o cal estamos falando soamente sumando a subvención de 14.000 € máis os 12.000 € en actividades formativas, pódese optar a unha subvención total duns 36.000 €, e vostedes preséntannos aquí que o gasto que se ten actualmente é de 30.000 € e que o ano pasado a subvención recibida foi de 20.600 €. Por todos estes datos, o noso voto non pode ser máis que de abstención nos termos expresos nos que está regulada esta moción; unha abstención que queremos deixar claro, non quere dicir que non esteamos de acordo co mantemento e funcionamento deste servizo e que si se teña que falar para ver como podemos seguir mantendo este servizo, agora, noutros termos que non son os que se expresan na moción, grazas.

Sr. Reboredo Baños: Boa tarde, para nós é moi reiterativo na exposición que fixo a voceira do PP, é evidente que esta é unha moción que podemos considerar como de tipo acoso e derrube, que se está presentando en todos os concellos de Galicia para cuestionar a política do goberno autonómico nesta materia. O que si é certo é que analizando a Resolución de xullo deste ano e a do ano pasado, eu persoalmente entendo que esta nova convocatoria é máis favorable para os concellos que a anterior, abre máis portas, máis camiños e en todo caso sería cuestionable o gasto corrente en campañas de divulgación, dípticos de información e toda a historia, é dicir por un lado aparece o tema da formación, que é importantísimo e por outro lado aparece o tema do gasto corrente en persoal que non se limita, senón que se aumenta. Sr. Espiño, cando lle fagamos unha pregunta na comisión, se non ten a información toda diga, ben non foi o Sr. Espiño, eu preguntei polo tema e dixen que era factible asignar persoal a ese servizo para xustificar esa subvención e alguén me dixo do Grupo de Goberno que iso non era posible pois tiña que ser persoal contratado especificamente para ese servizo; iso é mentira polo tanto tamén quero que quede claro, pero todos debemos ser conscientes de que isto se acaba, vimos hoxe na prensa que hai concellos que van ter serias dificultades para chegar a final de mes. Por un lado o despilfarro total e absoluto do Goberno Central que anticipou vinte millóns de euros ás comunidades autónomas que agora hai que devolver e evidentemente isto non dá. A propia Comunidade Autónoma ten que reestruturar o gasto, diminuír aquelas partidas que tiña previstas en función do necesario para a sociedade máis ou menos, pero hai que recortar. Despois, o Plan E, outro despilfarro, fixéronse obras innecesarias que non crearon ningunha riqueza no sector produtivo e polo tanto é poñer e esperar. Se vostede Sr. Alcalde se ri porque gastou 3.800.000 € en lavadoiros, fontes e arranxar escolas, pobre de si, entón hai gastos que hai que priorizar, agora con cargo aos tributos do Estado tamén temos que devolver cartos que se anticiparon, esas son as políticas que dende o Goberno Central se impuxo nun gasto desorbitado; aí tamén podemos falar dos fondos das entidades bancarias e o fondo para o crédito con que chegaron aos cidadáns, etc. Políticas totalmente contrarias ás que había que facer, polo tanto mirade, nos dous últimos orzamentos nós dixemos que había que ir ao control do gasto corrente e de persoal e vostedes seguen coa política fácil neste sentido, co xa caerá, neste Orzamento e no seguinte, e polo tanto entendemos que se algunha actividade non quedase incluída dentro dos conceptos que dá lugar a subvención, si podería ser asumido polo Orzamento Municipal, polo que entendemos que a convocatoria actual non só non empeora senón que mellora as condicións da convocatoria anterior, polo que nós, contando con que ese é un servizo importante para a cidadanía non queremos ser obstáculo e imos absternos, pero queremos deixar moi claro que non estamos de acordo con esta moción.

Sra. López Doce do BNG: Imos ver, comezamos primeiro pola intervención da concelleira Dona Cristina Goldar; é obvio que o movemento se demostra andando, entón o que si é demagóxico é dicir que se apoian as políticas aínda que sexa redundante de apoio ás mulleres e de apoio ás medidas de promoción da igualdade e contra a violencia, todo isto, si que resulta demagóxico cando a actuación política que fai o seu partido político, que estamos falando sempre de política no goberno da Xunta, vai contra estas medidas. Isto non é unha observación partidaria que faga dende o BNG, senón que é un feito que até o ano 2005 o financiamento para os CIM se facía cunha convocatoria de subvencións é un feito que unha demanda histórica dos concellos como é o caso do Concello da Estrada, de estabilidade para poder organizar os servizos que lles prestan á súa cidadanía sexa de maneira estable, xa que o Pacto Local non acaba de materializarse, pois os Concellos vimos

asumindo nos últimos 20 anos a maioría de competencias de prestación de servizos aos veciños e veciñas sen que iso veña aparelado co financiamento necesario para facelo e estableceuse un convenio para financiar o servizo. O Concello sabía que gasto ía facer e canto ía ser o financiamento naquel momento da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar a través da Secretaría Xeral de Igualdade. O PP nestes catorce meses suprimiu os convenios, o último ano de convenio xa o suprimiu, o ano pasado fixo a convocatoria de subvencións e este ano volveu a facer outra e o Sr. Reboredo fala da resolución que saíu publicada no DOG no mes de xullo pero esta moción xermolouse antes, vendo a Resolución do Consello da Xunta do 15 de xullo na que o financiamento máximo á que podían optar concellos como os da Estrada, Dona Cristina creo que vostede en dereito laboral e non teño que explicarlle a diferenza entre persoal laboral indefinido e persoal laboral fixo, pois un figura no Cadro de Persoal e outro non, e no caso da Estrada esa praza non está creada e entón non optamos a 14.000 €, optamos co recúe que fixo o Goberno Autonómico, coa mobilización que houbo tanto por parte dos técnicos ou técnicas que traballan nos CIM de todo o país, como a presentación de mocións tanto por parte do BNG e do PSOE en todos os concellos do país e de iniciativas no Parlamento, entón recuou e subiu de catro a catorce mil euros, pero esa non era a vontade do PP, recuou afortunadamente, pero dende logo non practica unha política de promoción da igualdade o goberno do Sr. Feijoo e dende logo son moitas cousas, sobre todo muller e nacionalista á parte de estradense e outra serie de adxectivos que se me poden poñer, e entón preocúpame a actuación política en materia de xénero e a supresión do Servizo Galego de Igualdade a supresión das oficinas de Igualdade e Benestar e que sempre que se fale de austeridade o primeiro que a maioría masculina propón que se pode recortar son sempre aqueles servizos que van dirixidos ás mulleres ou que apoian que as mulleres teñan máis actividades como a supresión de garderías, de centros de maiores, de axuda a domicilio, etc. Entón como dicía ao principio desta intervención a política e o movemento demostrábase andando o PP en temas de igualdade como na maioría dos temas, anda para atrás, non anda para adiante e dende logo esta moción é moi necesaria, todos os grupos políticos municipais e todos os membros desta Corporación se realmente cremos niso que dicimos que apoiamos a existencia do CIM da Estrada que valoramos o traballo que a psicóloga e a asesora xurídica realizan coas mulleres do noso Concello que en bastante número acoden a este servizo e se benefician del, consideramos necesario, ao Sr. Reboredo non lle parece que as campañas de sensibilización sexan necesarias, e eu non sei como imos loitar contra problemas que se perpetúan no tempo como é a violencia contra as mulleres imos conseguir resolvelos sen campañas de sensibilización, eu non sei igual ten outro método máis eficaz, igual podía patentalo incluso, ou polo menos dicir publicamente cales son as súas propostas para conseguir estes obxectivos. En todo caso, como dicía, se realmente consideramos que é un servizo importante para as mulleres estradenses, nós dende logo así o consideramos e por iso formulamos conxuntamente a moción dende o Equipo de Goberno, non queda outra que apoiar esta moción, pois vólvolle ler as propostas de resolución.

Garantir o financiamento plurianual destes centros, é dicir é saber que o ano que vén imos poder manter ese servizo, porque imos contar con apoio económico da Xunta de Galicia que ademais vén do Fondo Social Europeo das medidas que son medidas transversais da política europea para alcanzar a igualdade entre mulleres e homes, é dicir que nin sequera son fondos propios da Comunidade Autónoma nin se ven afectados Sr. Reboredo, non teña medo polos recortes do terrible home ese da zeta, son do Fondo Social Europeo e dende logo o que nos preocupa é que chega aí o 2013 e que haberá que buscar alternativas para que estes servizos poidan seguir funcionando e non con cargo ao 100% dos orzamentos municipais cando os concellos como xa dixen, temos moitas competencias e moi pouco financiamento, entón do que se trata o acordo que propón esta moción é buscar entre todos, entre Administración Local e Administración Autonómica unha solución se realmente queremos que estas subvencións teñan continuidade; se non o queremos, evidentemente é innecesario apoialo. Nada máis pola miña parte.

Sra. Godar Soto, do PP: *Primeira cuestión, con respecto á dinámica problemática xurídica laboral, vostede non entende, perdóeme, non entende o que eu dixen e síntoo moito, ese é un dos problemas de cando o carpinteiro quere facer ferramentas de ferro, mesturamos todo, e o único que lle dixen eu, e a bo entendedor poucas palabras chegan, se realmente ten un coñecemento das categorías laborais ou dos requisitos que ten que reunir un persoal laboral*

para acceder demandar ou non a categoría de laboral fixo, que non ten nada que ver efectivamente con outro tipo de persoal laboral nin tampouco de funcionario, iso é o único que lle dixen que neste momento se cumpren os requisitos para que o persoal que está actualmente no CIM, e non quero falar máis, porque tampouco lle quero dicir ao persoal que é o que ten que facer ou que non ten que facer, porque cada quen é maior de idade e sabe o que ten que facer ou non, que se cumpren os requisitos para poder encadrarse nas características da convocatoria, e entón unha cousa é como vostede lle chame e outra cousa é o que é xuridicamente, primeira cuestión. Segundo, eu claro eu non o entendo porque eu son home, segunda cuestión, e terceira cuestión. Á parte que non me vou meter outra vez no panfleto político que aí vostede desenvólvese ben, e eu non lle chego nin á sola dos zapatos, neste sentido non vou estar aí, voulle dicir, a moción pode ser necesaria, pero o que non é necesaria nos termos que se formula, que se poida buscar un financiamento e unha garantía de que este centro se manteña, pois terá que haber efectivamente un compromiso por parte da Administración Autonómica, tamén terá que haber un compromiso e unha negociación onde competa co Fondo Social Europeo, e ao mesmo tempo un compromiso do Concello. Evidentemente, entre todos se queremos manter o servizo podemos facelo, o que non podemos dicir é sempre con este custo, iso poderá ser ou non. Eu non lle dixen que non estivesemos de acordo co financiamento plurianual, agora que as contías non sexan inferiores ás do ano anterior, iso é complicado, e vostedes cando tiveron responsabilidades de goberno noutros estatus tampouco se comprometeron, unha cousa son os convenios, pero non se comprometeron a que a contía non fose inferior á do outro ano, vostedes a iso non se comprometeron, iso por un lado, e non lle vou dicir nada máis, porque é inútil.

Sr. Reboredo Baños: *Di vostede que as supresións sempre afectan aos mesmos colectivos, eu dígolle que afectan a todos, se non hai que reducir, dixen claramente que naquelas políticas máis necesarias para a sociedade haberá que reducir menos, pero ao final hai redución en todos os lados, no sistema educativo imos ter reducións, porque a arca non dá porque se fixo un gasto e o señor que vostede lle chamou zeta, é o responsable de todo o que está sucedendo aquí, porque xa se acabou a historia de que é unha crise internacional, si pero mentres EEUU ten o 10% de paro e Europa ten a media do 10% de paro, España ten unha media de máis do 20% de paro, entón algo estaremos facendo mal en España, pois entón o culpable de poñer en marcha a política que corrixa todas esas deficiencias e evidentemente non está capacitado para facelo. Pero ademais, nós non soamente é que esteamos de acordo co servizo do CIM, é que o creamos nós no ano 2002 Sra. López Doce.*

Sra. López Doce do BNG: *Creouno a Concellería de Igualdade dirixida pola concelleira Xosefina Pereiras.*

Sr. Reboredo Baños: *Pero que está dicindo vostede?, cando foi concelleira, en que bipartito?.*

Sra. López Doce do BNG: *No bipartito que presidía Tallón evidentemente.*

Sr. Reboredo Baños: *Mire, recólleno vostedes.*

Sr. Alcalde: *Imos aclarar o debate.*

Sr. Reboredo Baños: *Vostedes lean os informes. Informes sobre financiamento, asinado por Dona Margarita de la Calle Bermejo, directora do CIM di o CIM está en funcionamento dende agosto do ano 2002, que é o que dixen eu, quen o dotou de persoal, polo tanto insisto, non soamente estamos de acordo senón que o creamos. Dicia vostede tamén que eu dixen que non facían falta campañas e eu non falei diso, dixen que se non estaba incluído, que eu creo que si, pero se faeita unha análise ou unha interpretación nas bases non estaban incluídos os gastos para facer campañas, que as asumise o Concello dentro do seu Orzamento, porque son gastos ridículos dentro do custo do servizo do CIM, pero xa que vostede me fixo un envite en que eu non estaba de acordo con esas campañas, que eu non dixen nada diso, eu só lle vou dar un dato e vostede saque as consecuencias que queira, mire, Consejo General del Poder Judicial, Sección del Observatorio contra la Violencia Doméstica de Xénero “A evolución das mulleres neste ámbito ao longo destes últimos anos,*

a teor do Consejo General del Poder Judicial, é como segue ano 2002 vítimas 52; 2003 - 65; 2004 - 69; 2005 – 52; 2006-62; 2007-74; 2008-75; 2009-55; é dicir, no soamente as campañas postas en marcha minoraron ou surtiron os efectos de información na sociedade senón que fixeron o efecto contrario, senón que aumentaron, polo que algo se está facendo mal, hai que reflexionar sobre o tema, nós seguimos gastando nunha dirección recursos públicos igual, non surten efectos, pero haberá que analizalos, polo tanto menos historias o de asumir competencias está ben, pero hai competencias que ao mellor a Administración Local non pode asumir, pero pónolle un exemplo, cando foi a campaña das piscinas climatizadas por todas Galicia, A Estrada apostou por unha negociación que foi coa Academia Galega de Seguridade para ter esa piscina e non caer no que fixeron moitos concellos de Galicia, construír unha piscina climatizada que agora non son capaces de manter, polo tanto, xestión, e este Goberno lévanos demostrado dende o 7 de xuño de 2007 que non sabe xestionar fóra desta porta, non saben xestionar fóra, e senón saquen vostedes que recursos de fóra viñeron ao Concello dende xuño de 2007, pónanos sobre a mesa, polo tanto mire, menos lobos e en función ao tema de que se a Resolución anterior, eu dedícome a preparar as intervencións en función da información que teño o que teño é que recibo a convocatoria da Comisión de Servizos Sociais e analizo a Resolución que está en vigor, polo tanto como teño claro que non soamente a nova convocatoria non empeora senón que mellora a do ano anterior, o que procedería é que vostedes retirasen esta moción, ou modificasen o seu texto.

Sra. López Doce do BNG: *Ía facer unha intervención máis longa, pero creo que non vai ter efectividade, logo vouna facer máis concreta. Efectivamente o CIM como tal creouse no Concello da Estrada unha vez que saíu a Orde para financiar os CIM cunha serie de características e tipoloxía, pero a Concellalía da Muller e á atención ás mulleres e a política de atención e prevención da violencia e outras series de atencións non a creou o PP, o PP herdouna do tripartito e quen creou ese servizo foi Dona Xosefina Pereiras, concelleira deste Concello e está nos arquivos desta casa, non é unha apreciación; había algunha cousa máis pero non me vou meter, e Dona Cristina o único comentarlle que eu estou disposta a asumir que non a entenda pero tamén lle pediría que vostede valores que ao mellor tampouco é que se explique ben.*

Sometida a moción a votación, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruiz Ferro e Castro Blanco) e oito votos en contra (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maíssa Rodrigo, Goldar Soto e Loureiro Méndez) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría o Pleno adopta os seguintes acordos:

“Solicitar da Xunta de Galicia un marco estable de financiamento dos Centros de Información ás Mulleres, co concurso dos concellos e das traballadoras dos mesmos, que abranguerá o compromiso de garantir o seu funcionamento e a realización de actividades baixo os seguintes criterios:

Garantir o financiamento plurianual destes centros, e unha dotación non inferior á recibida en exercicios económicos anteriores

Os concellos coñecerán, no primeiro trimestre do ano, a cantidade que vai a aportar a Xunta de Galicia para o financiamento dos CIMs.

Abordar o futuro financiamento dos CIMs máis alá do horizonte do ano 2013, data na cal remata o actual Fondo Social Europeo que financia o 80% das axudas destinadas a esta finalidade”

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á MOCIÓN SOBRE ACTUACIÓNS DE MELLORA NO CENTRO DE SAÚDE DA ESTRADA E A ADSCRICIÓN Á FUTURA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO. A secretaria fai constar que forma parte do expediente do Pleno, o ditame adoptado en data 15.07.10 pola Comisión Informativa de Benestar Social ao que dá lectura, e que seguidamente se transcribe de xeito literal:

3º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG/PSOE SOBRE ACTUACIÓNS DE MELLORA NO CENTRO DE SAÚDE DA ESTRADA E A ADSCRICIÓN Á FUTURA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

Sométese a votación a proposta presentada moción presentada polo PSG/PSOE sobre actuacións de mellora no Centro de Saúde da Estrada e a adscrición a futura Área de Xestión Integrada de Santiago de Compostela sendo a mesma aprobada por unanimidade co seguinte contido:

“ 1º Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a adscrición do Concello da Estrada á futura Área de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, con motivo da reforma da estrutura organizativa do Servizo Galego de Saúde.

2º Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a posta en marcha de actuacións de mellora no Centro de Saúde da Estrada, e que permitan corrixir as deficiencias detectadas pola xerencia do Centro, especialmente no referente á accesibilidade do edificio e á súa área de urxencias, previo informe actualizado de dita xerencia especificando as deficiencias detectadas e a prioridade de atención das mesmas”

Sr. Alcalde: *Ben, a min gustaríame explicar un pouco esta moción antes de entrar no debate. Hai dous meses máis ou menos, chamoume a conselleira de sanidade para pedirme que o Concello adoptase este acordo. A Consellería de Sanidade a través do SERGAS está elaborando un proxecto de decreto polo que se modifica a estrutura organizativa do sistema de saúde e o que fai en definitiva é que as áreas sanitarias terán un xerente que será o mesmo para atención primaria, secundaria e hospitalaria, agora mesmo a estrutura vai por provincias e hai xerente de atención primaria e logo xerente en cada hospital de atención hospitalaria, o que fai a modificación máis ou menos é probablemente unha organización máis racional da estrutura organizativa e faise unha organización por áreas e unha integración tanto da atención hospitalaria como da primaria no mesmo sistema organizativo, entón ela pedíame que os concellos solicitasen a integración nese novo modelo, que probablemente se levará a cabo nos próximos meses, está en fase de proxecto aínda, terá que ir ao Parlamento cando corresponda. A raíz desa chamada falei co xefe de servizo da Estrada que me comentou que había algunhas cuestións que sería ben solucionar. Logo aí hai unha cuestión que o centro da Estrada é moi obsoleto, pero gustaríame dicir antes de nada que é dos de máis nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, e ten todos os ratios que se fan de valoración do mellor e de feito preséntase a un premio que se lle dá aos mellores centros, ten docencia, o que quere dicir que hai residentes que se forman aquí na Estrada, o cal creo que é un centro de primeiro nivel de atención primaria dos que hai en Galicia e ten agora mesmo unha ubicación, que para empezar nin sequera é un edificio do SERGAS é un edificio do INSS e polo tanto non é propiedade do SERGAS, co cal o SERGAS facer aí modificacións non parece razoable. Por outro lado, unha modificación aceptable para que iso quedase como Deus manda vaise a varios millóns de euros. Vendo a ubicación que non é do SERGAS, non parece razoable investir unha cantidade de euros aí para ao final ir a un centro novo, e ademais creo que o Centro de Saúde da Estrada merece. O Centro de Saúde, os profesionais e como funciona, merece un centro novo, o que si parece que hai catro cousas que non se está pedindo un investimento millonario, senón catro*

pequenos detalles que afectan á área de urxencias e accesibilidade que poden ser uns pouco miles de euros que probablemente é razoable e é posible, e nese sentido é no que nós expoñemos esta cuestión. Isto xa foi solicitado e o SERGAS ten coñecemento, así como a Consellería porque cada centro ten un Plan Funcional que se chama no que se poñen as necesidades que ten cada centro, e iso os xerentes de Atención Primaria envíanos aos seus xefes que están no SERGAS, polo tanto a Consellería xa sabe as deficiencias que ten, xa viñeron varias veces os técnicos, etc. Pero do que se trata máis ca nada é acometer algunhas pequeniñas reformas que poidan solucionar este tema. Esta é a cuestión que se expón e polo tanto decidimos incluír iso na moción que por outro lado parte desa solicitude da conselleira dado que se ten pensado implantar un novo sistema organizativo.

Sra. Godar Soto, do PP: *Nós neste punto si imos votar a favor, de feito o único que xa se puxo de manifesto na Comisión e que si que se engadiu é que se fixese un informe actualizado da xerencia do Centro de Saúde especificando as deficiencias detectadas e a prioridade de atención das mesmas; este engadido foi a solicitude do Grupo Municipal do PP, precisamente para que cando lles teñamos que pedirles facelo con racionalidade e tamén respostando ás necesidades que se teña dende o propio centro, porque non había un informe actualizado e o que había creo que era do ano 2002, a verdade é que xa era de hai varios anos. Nós imos votar a favor, o que si pediríamos para posteriores debates é que por favor si que cando se achegan ideas como entendo que era esta en positivo, de ao mellor acompañar un informe actualizado das deficiencias, que coido que en ningún caso entorpecería para nada, cando se adopta un ditame da Comisión neses termos, que se sigan todos os requisitos, agora non ten sentido votar en contra soamente por unha cuestión formal que non se fixesen as cousas, pero si que se roga e queremos deixar constancia que cando se adopta un acordo en comisión se leve a Pleno ese acordo adoptado en comisión.*

Sr. Reboredo Baños: *O mundo ao revés, quen ten as competencias para facer as melloras, pídlle ao que non ten as competencias que lle pida para facer esas melloras, é o que vostede tratou de dicir que lle dixo a conselleira.*

Sr. Alcalde: *Repito porque tiña o micrófono apagado, non se enterou vostede de nada Sr. Reboredo, pero remate a súa intervención que logo lle contesto.*

Sr. Reboredo Baños: *A conselleira falou con vostede e pediulle que se tomase un acordo no Concello da Estrada para facer unhas certas reformas, a de inclusión e ao mesmo tempo as reformas, vale ben, veñen os dous puntos na mesma orde do día. En todo caso, nós tamén imos votar a favor evidentemente, pero unha vez máis vostedes negan a información que se lles pide constantemente nas comisións, si señor alcalde, vostede non estivo na comisión e nós solicitamos que se presentase o escrito do xerente no que demandaba esas melloras, esa información non está introducida na orde do día, polo tanto estásenos negando información, non se nos está dando esa información. En todo caso, sigo mantendo o mesmo, nós tamén imos votar a favor, pero gustaríanos que se nos dese máis participación ou máis información á hora de tomar os acordos.*

Sr. Alcalde: *Vou explicar isto outra vez, porque parece que non se entendeu moi ben. O Centro de Saúde da Estrada é un centro no que o Concello da Estrada non ten ningún tipo de competencia, e polo tanto un informe, está na Consellería, está no SERGAS e iso non é unha carta, díxeno antes, o Plan Funcional feito polo anterior xerente de Atención Primaria da Área Norte contén iso mesmo. Nós pedir un informe, se fose o Departamento de Urbanismo que se pida un informe, pareceríame ben, pero pedir un informe ao xefe de servizo, que non é xerente, ollo, non confundir xerente que está en Pontevedra, o xefe de servizo é o xefe dos médicos, enfermeiras, e do persoal non sanitario, é o que dirixe o funcionamento do Centro, pero el se se precisa facer algo ten que transmitirllo ao xerente que é quen ten o poder para poder facer ese tipo de historias. Iso pertence a outra administración ten coñecemento de cales serían as modificacións mediante os documentos internos desa organización. E polo tanto, que presentar nós un informe, non ten moito sentido eu coñecín este tema porque falei co responsable e igual que falei eu pode falar todo o mundo que estea interesado, pero que eu tampouco teño no Concello nin o Plan Funcional do anterior xerente nin o Plan Funcional deste xerente e iso é o que hai e dende logo o que*

pide a conselleira é que nós solicitemos esa integración porque vai haber un cambio de estrutura como dixen antes.

Sra. Godar Soto, do PP: *Neste Grupo Municipal non se lle pedía que vostede fixera un informe nin que o Concello fixese un informe, pedíase que ao que realiza as funcións de xerencia, aínda que admito a súa matización, evidentemente se é o xefe de servizo que non é xerente que o xerente estea en Pontevedra, a persoa que teña responsabilidades e que coñeza o funcionamento do Centro, falouse de xerencia porque a propia presidenta da Comisión falaba da xerencia do Centro e nós seguimos nesa liña, se non é xerencia do Centro a persoa que desenvolva esas funcións de organización ou de responsabilidade do Centro, o que se pedía é que se o que se quere facer é pedir unhas melloras, neste segundo punto, o primeiro quedounos clariño, pero unhas melloras e pedir esas melloras concretas á Xunta, sería interesante e parécenos racional que esa persoal que ten responsabilidades determine nun informe as prioridades ou servizos ou as actuacións que el en todo caso propón ou estima necesarias, despois evidentemente ditaminará cales son prioritarias, as que fai ou as que non fai, pero era nese sentido.*

Sr. Reboredo Baños: *Nós o que pedimos é que cando se convoque unha comisión a persoa ou persoas que teñan que defender un tema, que teña a información necesaria. Estásenos a confundir, dísenos na Comisión de que non se sabe cales son as obras a que se refire, pero si hai un informe do xerente que se pide que se apoie, pero así é imposible facer un labor de oposición, a que estamos xogando?, son palabras textuais na comisión, que non se sabía a que obras se refería, cal era o procedemento, tampouco se falou nada se a Consellería fixo algún escrito, pois ou se nos dá información ou non se nos convoca, porque para non dala ou enganarnos con ela, pois non estamos de acordo.*

Sr. Alcalde: *Está claro que non houbo ocultación de datos que obren en poder do Goberno en ningún momento, que se entendan as cousas como se queiran entender, pero unha información non se ten na Comisión, que se a houbese daríase, o que si tiñamos coñecemento de que hai unha serie de obras que teñen solicitado con reiteración de mellora de pequena contía no Centro de Saúde da Estrada, creo que a cousa tampouco dá para tanto debate, así que creo que o debate está rematado, está todo claro.*

Sometida a moción a votación, resulta aprobada por unanimidade, adoptando o Pleno os seguintes acordos:

1º Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a adscrición do Concello da Estrada á futura Área de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, con motivo da reforma da estrutura organizativa do Servizo Galego de Saúde.

2º Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a posta en marcha de actuacións de mellora no Centro de Saúde da Estrada, e que permitan corrixir as deficiencias detectadas pola xerencia do Centro, especialmente no referente á accesibilidade do edificio e á súa área de urxencias, previo informe actualizado de dita xerencia especificando as deficiencias detectadas e a prioridade de atención das mesmas.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE XUÑO DE 2010. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 583 e 722 correspondentes ao mes de xuño de 2010.

O Concello queda sabedor.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Un rogo para a concelleira de Medio Rural e Turismo, volvo a solicitar, a rogar que se transmita ao Grupo Municipal do PP o programa de desbroces do ano 2010, xa sei que é como o ano 2009, pero volvo solicitar que se faga chegar o programa de desbroces do 2010, e por favor que non me diga que é como o do ano 2008, porque eu non o teño. Grazas.

Por outra parte, este Grupo Municipal do PP quere presentar unha proposta que se transforma en rogo para que se tome en coñecemento por parte do Consello Económico e Social dun problema que temos nun instituto que afecta directamente a estradenses e alumnos da nosa vila; imos ver, sabemos que no IES Antón Losada Diéguez existe famoso Ciclo de Madeira que estamos da Estrada e Capital Galega do Moble, etc, pero neste momento eu pertenzo ao Consello Escolar do Antón Losada como representante do Concello, e no mes de xullo tivemos unha reunión e na actualidade no mesmo mes de xullo había dous alumnos que solicitaban dito título, iso quere dicir que no mes de setembro como non cambien moitísimo as cousas isto vai desaparecer, na Administración Educativa, ten que haber no medio rural un mínimo de 8 alumnos para que o ciclo se poida manter. O ciclo empezou a funcionar no ano 2000-2001 e máis ou menos durante todos estes anos tivo 8 ou 10 alumnos pero neste momento hai 2 alumnos e periga gravemente, polo que nos parece que tiñamos que tomar unha serie de medidas construtivas, pois o problema apareceu no Consello Escolar do mes de xuño, e como representante do Concello, a dirección do centro que forma parte do Consello Escolar Municipal, no seo de dito Consello Escolar a resposta que houbo é que non houbo reunión do Consello Escolar Municipal dende a primeira convocatoria, isto eu non podo saber se é así ou non pero non se me deu ningunha información. O tema é preocupante para o Centro, moi preocupante e tamén para os empresarios do sector e para todo o Concello, entón nós queremos presentar a proposta de que é un tema a debater dentro do Consello Económico e Social do Concello da Estrada, xa que penso que é un tema que os empresarios teñen que saber como está a situación e que teñen que axudar a tomar medidas, entón a nosa idea era o Grupo Municipal do PP presenta a seguinte proposta a fin de que se tome coñecemento por parte do Consello Económico e Social do Concello da Estrada e se debata cos empresarios que teñen dereito a ter coñecemento da situación tentando atopar unha solución urxente para a mellora urxente da situación, solución na que como implicado pensamos que deben opinar, entón o noso rogo é que o tema se leve de xeito urxente ao Consello Económico e Social do Concello.

Paso a unha serie de preguntas que están na rúa e que teño que facelas, porque teño que facelas no Pleno, non temos Comisión de Medio Ambiente dende o mes de agosto de 2009 e non podo facelas noutro sitio. As preguntas son, en canto aos contedores, a limpeza: cada canto tempo se limpan os contedores verdes?. Tamén no rural?, é dicir a periodicidade de limpeza dos contedores. Realmente faise a limpeza cada tres meses? Como parece ser que está contratada?, nós non o sabemos. Cada canto tempo se limpan os contedores amarelos?, no rural tamén. Cada canto tempo se limpan os contedores azuis?, no rural tamén. Tamén solicitamos un calendario de recollida de lixo, contedores verdes, amarelos, azuis e outros. Por outra parte temos nas actas da Xunta de Goberno Local do 20 de marzo de 2010 onde se deu conta do escrito da Excm. Deputación de Pontevedra pola que se concede subvención a este Concello para a obra número tal da denominada instalación de colectores soterrados, entón a pregunta é onde cando e cantos. Compra de contedores, máis de 14.000 € en adquisición de 56 contedores de residuos orgánicos, pregunta: solicitáronse antes de comprarse?. Outra, A Estrada solicita a instalación de 20 iglús para o vidro; a empresa Ecovidro xa os puxo en marcha?. Todas estas informacións véxoas nos xornais pero non temos neste momento ningún tipo de coñecemento porque non temos reunións das comisións de Medio Ambiente.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Son tantas preguntas que non se se me esquecerí dalgunha, para contestarlle agora.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Pero ten a gravación, e senón para o comezo de curso temos unha Comisión de Medio Ambiente e resólveme todas as dúbidas, como queira. Podo seguir?.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Nalgunhas, vostede non é consciente de que nós non temos competencias nesa materia, temos competencias de seguimento e xestión, dígolle por exemplo como dos colectores azuis ou dos amarelos onde as empresas que teñen contratados

servizos son os responsables do mantemento, conservación e adecentamento dos mesmos. Respecto dos colectores verdes, que si houbo unha crise xeneralizada no Concello, houbo un baldeado xeneralizado dos mesmos como quince días antes das Festas Patronais da Estrada e lamentablemente seguiron as queixas veciñais, que non eran debidas exclusivamente polos colectores e volvéronse a lavar a primeiros de xullo, fíxose un baldeado e os malos olores continuaron, sabéndose despois que era o camiión da recollida do lixo no casco urbano soltaba lixivia nunha xunta que tiña na porta traseira e eran os malos olores que se percibían, pero esta avaría está en proceso de arranxo nestes momentos.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Entón a miña pregunta de cando se limpan, cando é. Non hai unha periodicidade establecida.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Pois segundo se vexan as necesidades e segundo o estado que teñan os colectores.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Entón non hai unha periodicidade fixa. E cos colectores amarelos e cos azuis?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Envióuselle un escrito ás empresas, neste caso leva o colector amarelo Celtaprix, precisamente coas queixas nosas e co propio informe que nos mandou Ecoembes, da situación en que estaban, non soamente de limpeza dos mesmos, senón tamén da conservación, mantemento de tapas, todo o que é serigrafado e demais que non está a cumprir as súas funcións, pois a empresa cobra un determinado canon por cada un dos colectores que recolle para mantelos precisamente no seu perfecto estado.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Presentáronse as queixas e a resposta cal foi?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Ningunha de momento.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Teremos que volver a presentar as queixas non?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Teríamos que rescindir o contrato coa empresa polo seu incumprimento.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *E sobre os 20 iglús para o vidro, a empresa Ecovidro xa os puxo en marcha?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Envióuselle un escrito a Ecovidro laiándonos do estado de contenerización que tiñamos do vidro neste concello, levamos varios anos reclamando primeiro para reposición e para dar un mellor servizo aos cidadáns cara facilitar, temos moitas parroquias onde non teñen posibilidade, entre elas o lugar de Campos en Guimarei, onde non temos posibilidades de ubicar contedores de vidro porque non nolos subministran.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *O problema xa o sabemos.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Pois coñecido o problema, logramos con Ecovidro o subministro de 10 colectores, o primeiro era un compromiso de 12 que despois se reduciu a 9 colectores, segundo un estudo que fixeron do sector hostaleiro na Estrada, de ubicar un novo modelo de colectores, aí en fronte hai un onde facilita o volcado dos contedores que se ían subministrar a cada sector hostaleiro que se acolleu ao mesmo, o facilitado en bloque a todos eses colectores que se lle subministran gratuitamente a todos os negocios que o soliciten, total que foron dos 50 posibles colectores que nos subministraron, 36 establecementos que se acolleron que xa o teñen distribuído e están ubicados os novos colectores de vidro nos sitios onde consideraron máis oportuno polas demandas do sector e pola súa ubicación, son 9 os que nos subministraron no Concello.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Nove colectores novos?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Non temos máis, reclamamos máis, precisamente para dar servizo a aquelas parroquias e lugares que o teñen demandado e consideramos que é real facilitarlles o acceso aos cidadáns nos sitios de maior concorrencia parroquial nos sitios onde non haxa un establecemento hostaleiro que teñan preto.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: O problema xa o coñecemos. Imos ver, vou ler a Voz de Galicia “o Concello recibe hoxe os contedores de vidro adaptados á hostalería, A Estrada tivo unha iniciativa pioneira de recollida de vidro en locais de hostalería. Son os novos contedores?”.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Son uns pequenos colectores que creo que son de 80 litros que creo que os establecementos hostaleiros que quixeron acollerse ao mesmo, situaron o contedor no seu interior, e tan pronto o teñen cheo e consideren oportuno, desprázanse co sistema de volcaxe a estes novos colectores e basculan o colector que está dentro deles.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: E deses colectores hai nove?

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Deses colectores hai 50, instaláronse 50 para ter o sector hostaleiro dentro do seu recinto e eses son os que despois se volcan nos novel que nos facilitou Ecoembes para estar situados nas rúas próximas ao sector hostaleiro.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Ben, gústame saber dos novos colectores, sinto traer ao Pleno, pero teño que facer as preguntas. Para cando as botellas de plástico que se lle ían repartir aos cidadáns e aos comercios para recoller os aceites domésticos?. Non o estou a inventar, vostede díxoo.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Dixen que se intentaría que se facilitase pola empresa Arcos que é a encargada da recollida, pero non foi un compromiso do Concello, tratábase de que se nola subministrase Arcos facilitaríamolo. En calquera caso, trátase dunha botella de plástico como dunha Fanta ou Coca Cola, que non é un material tan dificultoso de obter por calquera. Incluso facilitaría a recollida das botellas de plástico, pois esas non teríamos que xestionalas nós, senón a empresa Arcos de paso que as leva cheas de aceite.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Pois se se puidese facer publicidade, diríalle que as mellores son as botellas de Netea, que teñen a boca máis grande, quero dicir, a miña pregunta é, neste momento a empresa vai subministrar botellas?

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Non o sei.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Temos posibilidade de ter publicidade da recollida de medicamentos, puntos Sigre, xa sei que non é do Concello, pero hai algunha posibilidade de que se faga algún tipo de conscienciación sobre o tema?, é tamén recollida selectiva, sinxelamente nas farmacias.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Eu polo menos fágoa, é o local axeitado para ese tipo de xestión, non é o noso.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Si, pero hai moita xente que penso que non o sabe. Rogo que se fagan os programas periódicos de desratización que deben realizarse, cada canto temos programas deste tipo?

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Creo recordar que mínimo un mensual, e logo cando hai algunha queixa, comunicaselle á empresa Tragal que acude puntualmente onde ao mellor non funcionou a desratización.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Por que non temos puntos limpos?

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Imos telos, non os temos porque nos custaban bastantes cartos a súa instalación e xestión era custosa para as arcas do Concello salvo que nós mesmos

xestionasemos a publicidade que se puidese instalar nos mesmos. Neste momento está a punto de saír unha liña de axudas de mantemento e instalacións nos concellos para instalacións de puntos limpos e que non teñen custo económico ningún para o concello.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Moi ben, siga, ¿as previsións seguen a ser para o final do 2008, un colector amarelo e un colector de vidro para cada parroquia?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Esa é a meta, pero 2008, pareceu entender 2008 pero pareceume un lapsus, segue sendo a meta, pero o que está claro é que quen ten que abastecer ao Concello é Ecovidro, e a condición é que poña un en cada parroquia, e nalgúns lugares próximos a nós non teñen onde poñelos, e situalos optimizando recursos en parroquias que nós consideramos necesarios, como o de Campos, o de Remesar, Agar, digo dun montón de sitios.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Agrádame que responde neste mesmo momento. No DOG do 20 de xaneiro de 2009, houbo unha orde do 12 de xaneiro pola que se fai pública unha nova liña de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencia de residuos ou plantas. Solicitouse esta subvención?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Quizais lle puidese contestar o concelleiro de Medio Ambiente anterior, cando se asinou un convenio con Sogama polo que precisamente este Concello non pode subscribirse a este, pois non ten custo para el nada máis que o mantemento do transporte e o do compactador, e que iso é para concellos que transfiren os residuos a unha planta e nós non os transferimos á planta de Silleda, nós enviámolo directamente a Sogama, non temos posibilidades de acollernos, consultámolo por se podíamos acollernos en algo, pero volveron saír ese tipo de axudas creo que agora, hai días, non sei cando pero hai días, volveron saír ese tipo de axudas nas convocatorias idénticas a esa que fala, pero nós non mandamos os residuos a ningunha planta de transferencia.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Supoño que sairán cada ano. Ben, seguimos, este Grupo Municipal do PP fai aquí constancia de que hai unha xeral falta de limpeza nas fachadas públicas e hai xente que se fixa moito, no mobiliario urbano en xeral, nas rúas, nas beirarrúas, hai moitas veces que están impresentables. Outra pregunta: cantos vehículos de limpeza das rúas ten o Concello?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Respecto da limpeza de rúas este concello ten solicitados dos plans da Deputación a adquisición dunha varredora que dende logo facilitaría moito a limpeza en xeral, pois é dentro dos plans da Deputación para baldear e recoller masivamente e sobre todo as grandes rúas para a súa mellora, despois respecto da valoración que os cidadáns teñan.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Non temos vehículos para limpar as rúas e as beirarrúas?*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Camión de baldeado non o temos.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *A resposta é non. En que situación está o tema da traída de augas do Umia?. A nosa información é soamente por medio dos xornais.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Está en obras.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Avanzan.*

Sr. Alcalde: *Imos ver, en conversacións coa empresa, dixéronme que en decembro tiñan pensado rematar a obra.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: *Dous mil dez, claro.*

Sr. Alcalde: *Suponse, pero isto é información da empresa, nós aí como é evidente non temos outra información.*

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Volveremos a preguntar en 2010 a ver se a empresa di algo. Seguimos. Houbo unha nova rotura na traída de auga segundo os xornais “unha nova rotura deixa a vila sen auga varias horas. O Concello estudará a substitución da vella conducción”. Xa está estudado o tema?.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Non se trata dunha simple conducción, senón dun retorno para abastecer un determinado núcleo de casas e que evidentemente é unha conducción obsoleta, creo recordar do ano 20, e pola propia presión que soporta o normal é que haxa rotura nela como noutras do Concello, todo ten unha caducidade e as tuberías tamén; evidentemente estanse a estudar, hai que valoralo e contratalo, hai que facer uns estudos técnicos oportunos e seguir. É un proxecto máis a facer.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: A Estrada eliminou no 2009 cincuenta vertedoiros incontrolados de lixo no rural.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Máis.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Nós non temos máis información que a que sae nos xornais, dixéronnos que eran 50, queremos saber cales eran, máis ou menos e onde se atopaban a maioría deles.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Pois invítoa a que pase polo departamento onde está o Sr. Cabaleiro que é o que ten información gráfica e escrita de todos os vertedoiros retirados.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: E o vertedoiro incontrolado de automóbiles xunto ao río Vea está resolto?. Información do xornal tamén.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Ese non é de agora, mandouse a policía para que o analizase e estudase e é un vertedoiro que vén de moi antigo, é dicir parece ser que eran os antigos que estaban en Baloira, e tampouco houbo queixa ningunha de veciños nin escritos que entrasen neste Concello, polo menos que obren no meu poder, e pediuse informe á policía e estamos pendentes de que os emitan.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Ben “A Estrada pedirá axuda á Xunta para eliminar basureiros de difícil acceso”. Houbo resposta?.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Non, algún dos basureiros, moi próximo a onde vostede vive, en Arnois aí por onde vive por riba de 10 metros e non temos persoal capacitado nin cualificado para evacuar todo o material almacenado, son toneladas e toneladas de material alí, non de agora, é un vertedoiro que ten materiais alí acumulados ao mellor de 20 anos pero que evidentemente afecta a un regato e que debemos eliminar xunto con outros tamén e outro afecta ao nacemento do río Vea, que tamén é outro vertedoiro, denunciado hai dous ou tres anos por unha asociación, pero que analizados os restos que había nel, é moi antigo tamén, pero que se debe erradicar.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Unha última pregunta, ese vertedoiro de Arnois que vostede fala, alí hai unha fábrica de áridos que estaba a instalarse alí ou non ten nada que ver?.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Non ten nada que ver, é da pista que vai da Granxa á N-525, a famosa pista do zoqueiro, alí hai unha curva intensa, un regato e pode ver vostede a cantidade de materiais que hai alí.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: Graciñas, sinto ter traído todas estas preguntas aquí ao Pleno, pero a última reunión da Comisión Informativa foi hai un ano e nós queremos saber.

Sra. Giselle Maïssa, do PP: Se as preguntas ou os rogos son no Pleno, non na comisión informativa, está vostede no seu dereito.

Sr. Reboredo Baños: *Sr. Espiño, cando vostede se refería aos minicontedores, a que tipo, hai que pedir unha subvención para isto?.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Refírome a cartuchos de tinta, CD's, pilas, etc*

Sr. Reboredo Baños: *Recorde vostede que estes concelleiros presentaron unha moción no seu día e xustificou vostede que había un problema de toxicidade porque as pilas e os seus derivados intercedían no ciclo da auga, entón a pregunta é: xa resolveu vostede o problema do ciclo da auga para que agora sexa proclive á súa instalación?.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Dixen que se ían colocar mini puntos limpos, non dixeran que fosen ser de pilas.*

Sr. Reboredo Baños: *Alégrome que vostede resolverse o problema do ciclo da auga para que se poidan colocar eses contedores como teñen moitos concellos en Galicia e fóra de Galicia. Vostede enténdeme non?.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *En calquera caso, o ciclo da auga non elimina os materiais tóxicos que debes. E eu do ciclo da auga sei algo.*

Sr. Reboredo Baños: *Moción rechazada politicamente. Ben, saíu nos medios de comunicación estes días unha vez máis, os membros da oposición temos que enterarnos por aí “O Goberno entrega aos sindicatos a proposta definitiva da Relación de Postos de Traballo” e dicía “ O Goberno Local fixo entrega aos representantes sindicais coa súa proposta definitiva na que se recollen as solicitudes efectuadas polos sindicatos que foron aceptadas”. Segue a información e di, palabras textuais do Sr. Espiño que entrecomiñan aquí “As pretensións non eran esaxeradas e a oferta do Concello é axustada, faise unha boa RTP limitouse a indicar o Sr. Espiño”, e a miña pregunta é: de quen é a RPT?. É do Sr. Espiño, do Concello da Estrada, no Grupo de Goberno?; primeira pregunta. Segunda: non deberían ser tema de vital importancia como é este, no que está en entredito ou hai que poñer en marcha as bases do que vai ser a política de persoal no Concello da Estrada nun futuro, non sería lóxico que os grupos da oposición tivesen o documento e é máis, incluso que convocasen algunha comisión de persoal onde se puidese analizar dende a parte política ese documento e entre todos buscar unha RPT o máis consensuada posible, ou vai pasar o mesmo que co PXOM, que piden consenso pero non dan información.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *En calquera caso, vostede fai un dogma de fe dun titular xornalístico. Se vostede tivese reciprocidade comigo, coa delicadeza que eu teño con vostede, podería ter consultado antes comigo e non dar tanto valor. Evidentemente, primeiro, foi unha certa aclaración que fixo un medio de comunicación e se fixo dende o titular. Evidentemente déuselles un documento aos sindicatos de valoracións de postos de traballo para o seu estudo e análise, e no resto, pon vostede o carro diante dos bois, porque quen ten a competencia na RPT é o Pleno, e ata agora houbo unhas mesas de negociación e unhas reunións cos sindicatos para buscar solución no tema do organigrama, das funcións e finalmente nas valoracións deses postos de traballo, pero quen ten competencias é o Pleno e os grupos con presenza na Corporación van ter información suficiente, poderán facer chegar o que consideren oportunos no momento oportuno, pero de momento estase a negociar cos sindicatos e iso si é unha competencia do Goberno.*

Sr. Reboredo Baños: *Voulle facer outra pregunta. Cre vostede entón que ese é o procedemento lóxico de darlle un documento pechado por parte do Goberno Municipal aos sindicatos para chegar a un acordo e logo traelo ao Pleno para darlle información ao resto dos grupos políticos, con que fin, para romper o consenso, para facer máis consenso, para aceptar a proposta que deu o Grupo de Goberno e os sindicatos, ou cando veña a comisión, xa sei que vai dicir vostede, que fagan achegas e non incluílas. Pois están vostedes cometendo un erro de moita importancia, pois este é un documento de vital importancia que afecta a persoas e a orzamentos e que debería buscarse o consenso que é fácil neste tema, cabía unha postura, polo menos destes dous concelleiros de partida bastante próxima, común ou incluso por riba da que o Grupo de Goberno tiña no seu momento, creo que se perde un momento importante para*

elaborar un documento, importante, que vai afectar aos orzamentos dun xeito importante e a persoas, pero vostedes sabemos que teñen o Goberno e a capacidade de gobernar e tiren para adiante, rodillo para adiante que logo xa virán os informes.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Collémoslle a luva Sr. Reboredo.*

Sr. Reboredo Baños: *Xa o ofrecín máis ca unha vez e nunca o colleron. No decreto 473/2010, hai unha factura a nome de D. Manuel Sanmartín Chao por traballos de reforzo e asesoramento no Departamento de Urbanismo. Gustaríanos saber que tipo de traballos foron aboados con este decreto.*

Dona Irene Aguiar, do PSdeG – PSOE: *Este arquitecto foi contratado para apoio no Departamento de Urbanismo e para redacción dos proxectos FEIL e actualmente para o todo o trámite do PXOM, na propia contratación que se fixo consta o obxecto para o que foi contratado.*

Sr. Reboredo Baños: *É dicir, que non só seguimos na mesma liña de gasto en persoal desorbitado, senón que agora seguimos con contratos administrativos innecesarios.*

Dona Irene Aguiar, do PSdeG – PSOE: *Ben, pero eu podo 529/2010 en canto ás horas extras, que quero recordarlle ao Sr. Alcalde que no ano 2007 dixo vostede aquela frase que queda para os anais da Historia, que o primeiro que faría sería eliminar as horas extras, coas que se pagaban favores do persoal, daquela gastábanse en torno aos 120.000 € en horas extras, agora imos nos 150.000 € e subindo. Seguen na mesma liña, pero gustaríanos un listado horas e persoas que cobran esas cantidades, senón para esta relación senón para as sucesivas, tal e como se facía antigamente ou hai uns meses. E nada, felices vacacións e ata o mes de setembro.*

Dona Lourdes Loureiro, do PP: *Eu quero facer unha pregunta que case é continuación da da miña compañeira; cando se fixo a última desratización?, no mes pasado por exemplo?. Neste non porque onte comentáronme na rúa Justo Martínez que apareceran unhas ratas.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Xa digo, no Concello non houbo ningunha notificación veñen normalmente unha vez ao mes e logo cando hai problemas puntuais, veñen incluso cando hai problemas de usuarios de casos particulares, non era obriga da empresa pero si está deixando materiais para desratización en edificios.*

Dona Lourdes Loureiro, do PP: *Eu dicía porque se se fixo no mes pasado, xa apareceran moi rápido. Outra pregunta, no DOG do 01.07.10 hai unha resolución do 9 de xuño de 2010 pola que procederá á publicación das subvencións concedidas pola Orde do 7 de setembro de 2009, pola que se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas para a educación familiar polas entidades locais de Galicia. A subvención do Concello da Estrada foi de 6.581,36 €, fixéronse algúns programas, vanse facer?.*

Sr. López Campos, do PP: *Boas tardes a todos, eu quería facer un par de preguntas e rogos relacionados con aspectos que dende logo causan bastante preocupación e que nos trasladan a inxerencia veciñal sobre determinados aspectos. O primeiro, gustaríanos saber en que situación está o proxecto, se existe proxecto, pola problemática do socavón que tivo lugar polas tormentas do último inverno na Rúa da Cultura, a verdade é que aquela zona está vallada dende hai moitos meses, é unha zona de moito tránsito e dende logo de agora que empeza o curso no mes de setembro, e estraña un pouco ver como non hai ningún movemento para intentar buscar unha solución, un problema que ademais, agardemos que non, pero se non se fai un reforzo pode traer maiores problemas e gustaríanos saber se está previsto facer o proxecto para suplir ou arranxar ese problema e que prazos se manexan ou se hai unha valoración económica sobre isto.*

Sr. Alcalde: *Si está previsto facer unha valoración que si temos claro será conveniente facer algún tipo de actuación nese tema. Non hai de momento perigo de que iso se vaia abaixo, está estabilizado pero sería conveniente levar a cabo algún tipo de muro de contención para evitar problemas no futuro con outras inundacións que poidan ocorrer coma esta, pero este ano non*

hai consignación para poñerlle fronte a esa obra, non é o caso da rúa Serafín Pazo que se foi abaixo e houbo que actuar inmediatamente por trámite de urxencia. Aí hai que facer unha actuación pero temos que contar co Orzamento para poder sacala adiante, o que si temos pensado facela, e o arquitecto técnico ten un encargo de elaborar un proxecto e de custos incluso e veremos a ver se o que di o arquitecto municipal coincide co orzamento que temos a modo de valoración para solucionar ese tema.

Sr. López Campos, do PP: É un tema que de momento non trae ningún tipo de problema, pero que dende logo pode causar algún problema, sobre todo polas características dos viandantes, que utilizan esas beirarrúas todos os días, polo que eu creo que sete ou oito meses despois de producirse o derrube, algunha actuación a maiores se podía ter feito por parte do Concello, sobre todo tendo en conta que non hai orzamento pero si houbo un Plan FEIL onde eu creo que tiña cabida este tipo de proxectos que se podían ter financiado con eses fondos. Recursos houbo, o que pasa é que se destinaron a outros temas que ao mellor, como comentaba antes o compañeiro non eran tan prioritarios. Tamén outra pregunta, unha rúa que está tendo e serve tamén de enlace actual e está tendo bastante tránsito é a rúa que vai por diante da Fábrica de mobles Martínez Otero ata o alto de Penarada, un tramo que está nun estado bastante deteriorado, e que pode permitir tamén facer unha pequena circunvalación que é utilizada por bastante xente e que neste momento está nun estado bastante mal, entón trasladar o rogo de que vaia alguén do Concello revisar o estado desa pista e se poida converter no menor tempo posible no bacheo ou asfaltado desa estrada.

Unha pregunta tamén que queríamos facer é se o Concello da Estrada a través do Departamento de Facendo ou o propio Alcalde ten feito unha estimación ou o impacto que vai ter a devolución, un tema que xa era sabido e coñecido por todos, nós xa faláramos nos Orzamentos do ano 2009 e nos do 2010 tamén o dixemos, xa non era o problema, hai unha gran problemática nas facendas locais e está claro que todos os concellos van pasar situacións delicadas e así se está vendo estes días nos medios de comunicación pero hai un problema a maiores, non é só que a Participación de Tributos do Estado que recibe o Concello da Estrada, anualmente pasase dos catro millóns douscentos mil ou catro millóns trescentos mil euros aos tres millóns cen mil euros que está recadando agora por participación neses tributos, estamos falando dunha baixada de máis de 1.200.000 € anuais de recadación o que son cifras verdadeiramente preocupantes, sobre todo tendo en conta que á parte eses recursos se dedicaban a financiamento do gasto corrente, pero imos ter un segundo problema, e é que nos van seguir baixando a participación de tributos pero ademais imos ter que facer unha devolución dos anticipos e do diñeiro recibido en exercicios anteriores, cando cheguen as liquidacións. A nosa pregunta é cal é a participación, a recadación ou anual que se estima para este ano 2010 no capítulo de Participación de Tributos do Estado e se ten feito unha valoración actual de cal vai ser o impacto que imos ter que acometer nos próximos anos para devolver os anticipos feitos en Participación de Tributos do Estado de maneira indebida.

Sr. Alcalde: Que eu saiba eses cálculos fanse cando se fan os orzamentos en base aos datos que o Ministerio lle traslada ao Departamento de Intervención para o ano seguinte, de momento eses datos non os temos e polo tanto a estimación fiable que poida terse en conta. Agora só sabemos evidentemente que vai haber un recorte e que imos ter que devolver ese diñeiro, pero que a día de hoxe aínda non temos datos fiables para saber como vai repercutir iso no Concello, pero eses datos hai que manexalos.

Sr. López Campos, do PP: Estase falando estes días no ámbito da FEGAMP e da FEMP e das mancomunidades dos concellos estábase falando de cifras que en Pontevedra se falaba dos 18 ou 20 millóns de euros que terían que devolver os concellos. Supoño que se manexan as cifras globais, poderase saber cal é o montante da devolución na Participación de Tributos do Estado, dende logo é algo que eu creo que é preocupante e sobre todo que nos vai permitir ou que debería facer reflexionar ao Goberno nestes últimos meses do ano que hai que gañarlle un burato máis ao cinturón, está claro que non podemos seguir xestionando nin gastando como se gastaba, e está claro que este ano é difícil, o ano pasado foi complicado e o que vén vai ser aínda máis, polo tanto eu creo que é o momento de empezar a sentar as bases para unha nova forma de xestionar de xeito máis eficaz e eficiente, sacando a rendibilidade euro a euro ao diñeiro público e eu creo que é o momento de empezar, xa dous anos tarde pero que este Goberno tome consideración e que un rogo que se faga unha valoración e unha estimación e

que se nos traslade a estimación que pode ter o Goberno da devolución da rebaixa que vai producir este ano na Participación de Tributos do Estado e á parte da devolución que imos ter que efectuar.

Outro rogo, xa en materia de documentación, podemos ter acceso a esta documentación pero para nós como oposición é moito máis fácil facelo deste xeito, e queremos trasladar un rogo para que se nos faga chegar no prazo máis breve posible, orzamento e facturas e compromiso de gasto do festival organizado polo Departamento de Cultura Rock & Clown e tamén se remita un expediente completo de todas as facturas e orzamentos que tiveron lugar a raíz da organización das Festas da Estrada por parte da Fundación Cultural da Estrada, é unha documentación que pode estar ao alcance pero queremos que se nos pasase un informe e orzamentos e facturas feitos para estes dous eventos para os que o Concello da Estrada tivo unha participación moi directa, polo tanto no noso labor de fiscalización nos interesaría contar con que no menor tempo posible se nos faga chegar.

Despois dúas preguntas se sabe actualmente, porque levamos preguntando moi a miúdo e o outro día saíron unhas declaracións pola parte nacionalista do Goberno que eu creo que non estaban acertadas na súa finalidade, tentando buscar unha responsabilidade do partido político no tema das beirarrúas de Codeseda e nas de Ouzande e ao final, quen vai ter a culpa, pois o PP está claro que non é quen ten a responsabilidade directa da xestión deste Goberno, pero gustaríanos saber unha vez máis, facer unha nova pregunta en que situación actual está o expediente e a posta a disposición dos terreos á Deputación para que poida rematar as obras das beirarrúas de Codeseda.

Sr. Alcalde: Como xa se dixo noutro Pleno, os informes que temos neste momento consideran que eses terreos son de dominio público, intentouse buscar unha negociación cos propietarios, non parece ser posible e polo tanto o Concello terá que, en base aos informes técnicos que ten, executar ese dominio público.

Sr. López Campos, do PP: Pero os informes que consideran que son dominio público, xa falamos no Pleno de xaneiro ou febreiro, xa hai sete ou oito meses que hai eses informes e que se sabe que eses terreos estaba acreditado que eran de dominio público, o que está claro é que xa no mes de xaneiro podían ter resolto ese expediente e posto a disposición da Deputación eses terreos e en oito meses non foron capaces de facelo, pois a miña pregunta, porque levamos Pleno tras Pleno e cada un ralentízase mensualmente e polo tanto coa demora conseguinte queremos saber cal é o problema actual que pode ter esa posta a disposición dos terreos e o rogo é que se faga de forma inmediata a posta a disposición dos terreos e escrito á Deputación de Pontevedra para que poidan executar esa obra.

Sr. Alcalde: Ser mira a data deses informes, verá que non estaban no mes de xaneiro e estiveron un pouco máis tarde e logo como lle digo intentouse tratar de chegar a un acordo por unha razón moi sinxela, tratar de evitar preitos contra o Concello que será o que sucederá se os propietarios ou os que se cren propietarios non están de acordo. Non foi posible ese acordo e agora neste momento actuaremos a ese respecto, como lle dicía antes.

Sr. López Campos, do PP: Finalmente, gustaríanos facer unha pregunta, se ten vostede coñecemento, porque estamos vendo nos medios de comunicación que os alcaldes están a ter un movemento intenso nos últimos días despois do anuncio do ministro de Fomento sobre os recortes na licitación de obra pública, vemos que xa houbo certos movementos pola presión de alcaldes de grandes cidades en materia de infraestruturas, e queremos saber se vostede ten coñecemento se eses recortes afectarán á obra que ten proxectada o Ministerio de Fomento na Estrada que é a variante da Estrada. Nada máis.

Sr. Alcalde: Non teño coñecemento diso, teño coñecemento de que se manteñen os prazos previstos.

Sra. Goldar Soto, do PP: Supoño que non me poderá responder, o que pasa é que o fago no Pleno, porque senón, queríamos saber a que corresponde unha factura que ten un importe xeitoso de 7.424 € que emite Signo Ingeniería del Territorio, porque como non nos soa.

Dona Irene Aguiar, do PSdeG – PSOE: É dun traballo que se lle solicitou a esta empresa digamos a solicitude valga a redundancia da Oficina Técnica de Urbanismo, tiña unha serie de funcións se estimaba que eran válidas e que se lle podía sacar un gran proveito para a aplicación esta aplicación informática que está instalada en distintos ordenadores dos técnicos e eles son os que o están a utilizar, é unha cuestión técnica estrita e a aplicación non lla pode explicar pero pode achegarse falar cos técnicos cando estime oportuno.

Sra. Goldar Soto, do PP: Vale, grazas, pois non sabía se era unha cuestión de informática ou de estudo de enxeñería. E un rogo, se pode ser, entendo que iso non o poño en dúbida por parte do Grupo de Goberno que se seguen uns criterios de capacidade e de distribución, si que sería interesante que ao mellor a partires de agora, como na Estrada temos moi bos profesionais da avogacía, para a dirección técnica dos preitos, se se pode contratar persoal técnico que teña o seu enderezo na Estrada, porque aínda que esta concelleira non ten nada en contra de Dona Adelfa Alonsa, todo o contrario, que a coñezo, supoño que ao mellor algunha mente mal intencionada tamén pensará, pero non hai avogados na Estrada?. Nada máis, grazas.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos.

A Estrada, 5 de agosto de 2010

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito